			BXB6.1.2. Coñece as características da nutrición heterótrofa e distingue os tipos principais.	<ul style="list-style-type: none"> Define nutrición heterótrofa e menciona os seus tipos. 	2	Proba específica	CAA CMCCT
i	B6.2. Estrutura e función dos aparellos dixestivos e as súas glándulas.	B6.2. Distinguir os modelos de aparellos dixestivos dos invertebrados.	BXB6.2.1. Recoñece e diferencia os aparellos dixestivos dos invertebrados.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica as diferenzas evolutivas entre os aparellos dixestivos dos invertebrados. 	2	Proba específica	CMCCT
i	B6.2. Estrutura e función dos aparellos dixestivos e as súas glándulas.	B6.3. Distinguir os modelos de aparellos dixestivos dos vertebrados.	BXB6.3.1. Recoñece e diferencia os aparellos dixestivos dos vertebrados.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica as diferenzas evolutivas entre os aparellos dixestivos dos vertebrados. 	2	Proba específica	CMCCT
l ñ	B6.2. Estrutura e función dos aparellos dixestivos e as súas glándulas.	B6.4. Diferenciar a estrutura e a función dos órganos do aparello dixestivo e as súas glándulas.	BXB6.4.1. Relaciona cada órgano do aparello dixestivo coa súa función.	<ul style="list-style-type: none"> Representa esquemáticamente os órganos do aparato dixestivo e as súas funcións. 	2	Análise das producións do alumnado	CAA
			BXB6.4.2. Describe a absorción no intestino.	<ul style="list-style-type: none"> Describe a absorción no intestino. 	2	Proba específica	CCL
l	B6.3. Aparellos circulatorios. Pigmentos respiratorios nos animais. Linfa.	B6.5. Coñecer e relacionar a importancia de pigmentos respiratorios no transporte de osíxeno.	BXB6.5.1. Recoñece e explica a existencia de pigmentos respiratorios nos animais.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica a hemoglobina como pigmento respiratorio e explica a súa función. 	2	Proba específica	CAA CCL CMCCT
l e	B6.3. Aparellos circulatorios. Pigmentos respiratorios nos animais. Linfa.	B6.6. Comprender e describir os conceptos de circulación aberta e pechada, circulación simple e dobre, incompleta ou completa.	BXB6.6.1. Relaciona circulación aberta e pechada cos animais que a presentan e explica as súas vantaxes e os seus inconvenientes	<ul style="list-style-type: none"> Indica os grupos de animais que presentan circulación aberta e aqueles que a presentan cerrada. 	2	Proba específica	CAA
			BXB6.6.2. Asocia representacións sinxelas do aparello circulatorio co tipo	<ul style="list-style-type: none"> Identifica, observando representacións esquemáticas, os tipos de aparatos circulatorios 	2	Proba específica Análise das	CD CMCCT

Bioloxía e Xeoloxía 1º de Bacharelato.

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Ava.	Procedemento avaliación	Competencias clave
			de circulación (simple, dobre, incompleta ou completa).	dos animais.		producións do alumnado	
l	B6.3. Aparellos circulatorios. Pigmentos respiratorios nos animais. Linfa.	B6.7. Coñecer e relacionar a composición e a función da linfa.	BXB6.7.1. Indica a composición da linfa e identifica as súas principais funcións.	<ul style="list-style-type: none"> Indica as principais funcións da linfa. 	2	Proba específica	CMCCT
i	B6.4. Transporte de gases e respiración. Tipos de aparellos respiratorios. Respiración celular.	B6.8. Distinguir respiración celular de respiración (ventilación e intercambio gasoso).	BXB6.8.1. Diferencia respiración celular e respiración, e explica o significado biolóxico de respiración celular.	<ul style="list-style-type: none"> Explica a importancia biolóxica da respiración celular. 	2	Proba específica	CAA CMCCT
l e	B6.5. Transporte de gases e a respiración. Tipos de aparellos respiratorios. Respiración celular.	B6.9. Coñecer e indicar os tipos de aparellos respiratorios en invertebrados e vertebrados.	BXB6.9.1. Asocia os aparellos respiratorios cos grupos aos que pertencen, e recoñéceos en representacións esquemáticas.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica, observando representacións esquemáticas, os tipos de aparatos respiratorios dos animais. 	2	Proba específica Análise das producións do alumnado	CD
e	B6.5. Excreción: tipos de aparellos excretores en invertebrados e vertebrados. Produtos da excreción.	B6.10. Definir o concepto de excreción e relacionalo cos obxectivos que persegue.	BXB6.10.1. Define e explica o proceso da excreción.	<ul style="list-style-type: none"> Define excreción 	2	Proba específica	CCL
e l	B6.5. Excreción: tipos de aparellos excretores en invertebrados e vertebrados. Produtos da excreción.	B6.11. Enumerar os principais produtos de excreción e sinalar as diferenzas apreciables nos grupos de animais en relación con estes produtos.	BXB6.11.1. Enumera os principais produtos de excreción e clasifica os grupos de animais segundo os produtos de excreción.	<ul style="list-style-type: none"> Clasifica os grupos de animais segundo os produtos de excreción. 	2	Proba específica	CAA CMCCT
e	B6.5. Excreción: tipos de aparellos excretores en invertebrados e vertebrados. Produtos da excreción.	B6.12. Describir os principais tipos órganos e aparellos excretores nos distintos grupos de animais.	BXB6.12.1. Describe os principais aparellos excretores dos animais e recoñece as súas principais estruturas a partir de representación esquemáticas.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica, observando representacións esquemáticas, as principais estruturas excretoras dos animais. 	2	Proba específica Análise das producións do alumnado	CMCCT
d	B6.5. Excreción: tipos de aparellos excretores en invertebrados e vertebrados. Produtos da	B6.13. Estudiar a estrutura das nefronas e o proceso de formación dos ouriños.	BXB6.13.1. Localiza e identifica as rexións dunha nefrona.	<ul style="list-style-type: none"> Localiza nunha representación esquemática as rexións dunha nefrona. 	2	Proba específica	CAA CMCCT
			BXB6.13.2. Explica o proceso de	<ul style="list-style-type: none"> Explica o proceso de formación dos ouriños. 	2	Proba específica	CMCCT

Bioloxía e Xeoloxía 1º de Bacharelato.

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Ava.	Procedemento avaliación	Competencias clave
	excreción.		formación dos ouriños.				
l	B6.5. Excreción: tipos de aparellos excretorios en invertebrados e vertebrados. Produtos da excreción.	B6.14. Coñecer e relacionar mecanismos específicos ou singulares de excreción en vertebrados.	BXB6.14.1. Identifica os mecanismos específicos ou singulares de excreción dos vertebrados.	<ul style="list-style-type: none"> Clasifica os grupos de animais segundo os produtos de excreción. 	2	Proba específica	CMCCT
l e	B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas nervioso e endócrino. Homeostase.	B6.15. Comprender e describir o funcionamento integrado dos sistemas nervioso e hormonal en animais.	BXB6.15.1. Integra a coordinación nerviosa e hormonal, relacionando ambas as dúas funcións.	<ul style="list-style-type: none"> Define coordinación nerviosa e hormonal. 	2	Proba específica	CAA
i	B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas nervioso e endócrino. Homeostase.	B6.16. Coñecer e identificar os principais compoñentes do sistema nervioso e o seu funcionamento.	BXB6.16.1. Define estímulo, receptor, transmisor, efector.	<ul style="list-style-type: none"> Define estímulo, receptor, transmisor, efector. 	2	Proba específica	CCL
			BXB6.16.2. Identifica distintos tipos de receptores sensoriais e nervios.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica distintos tipos de receptores sensoriais 	2	Proba específica	CAA CMCCT
e	B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas nervioso e endócrino. Homeostase.	B6.17. Explicar o mecanismo de transmisión do impulso nervioso.	BXB6.17.1. Explica a transmisión do impulso nervioso na neurona e entre neuronas.	<ul style="list-style-type: none"> Explica a transmisión do impulso nervioso na neurona e entre neuronas. 	2	Proba específica	CCL
i	B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas nervioso e endócrino. Homeostase.	B6.18. Identificar os principais tipos de sistemas nerviosos en invertebrados.	BXB6.18.1. Distingue os principais tipos de sistemas nerviosos en invertebrados.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica, observando representacións esquemáticas, os principais tipos de sistemas nerviosos en invertebrados. 	2	Proba específica Análise das producións do alumnado	CAA CMCCT
l	B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas nervioso e endócrino. Homeostase.	B6.19. Diferenciar o desenvolvemento do sistema nervioso en vertebrados.	BXB6.19.1. Identifica os principais sistemas nerviosos de vertebrados.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica, observando representacións esquemáticas, os principais tipos de sistemas nerviosos en vertebrados. 	2	Proba específica Análise das producións do alumnado	CMCCT
e l	B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas	B6.20. Describir os compoñentes e as funcións do sistema nervioso tanto desde o punto de vista	BXB6.20.1. Describe o sistema nervioso central e periférico dos vertebrados, e diferencia as funcións do sistema	<ul style="list-style-type: none"> Describe e indica as funcións do sistema nervioso central e periférico dos vertebrados. 	2	Proba específica	CMCCT

Bioloxía e Xeoloxía 1 ° de Bacharelato.

Obx	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Ava.	Procedemento avaliación	Competencias clave
	nervioso e endócrino. Homeostase.	anatómico (SNC e SNP) como desde o funcional (somático e autónomo).	nervioso somático e o autónomo.				
e j	B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas nervioso e endócrino. Homeostase.	B6.21. Describir os compoñentes do sistema endócrino e a súa relación co sistema nervioso.	BXB6.21.1. Establece a relación entre o sistema endócrino e o sistema nervioso.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica o eixo Hipotálamo - Hipófise como o principal punto de relación entre sistema nervioso e endócrino. 	2	Proba específica	CAA CSIEE
i	B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas nervioso e endócrino. Homeostase.	B6.22. Enumerar as glándulas endócrinas en vertebrados, as hormonas que producen e as funcións destas.	BXB6.22.1. Describe as diferenzas entre glándulas endócrinas e exócrinas.	<ul style="list-style-type: none"> Describe as diferenzas entre glándulas endócrinas e exócrinas. 	2	Proba específica	CCL CMCCT
			BXB6.22.2. Discrimina a función reguladora e en que lugar se evidencia a actuación dalgunhas das hormonas que actúan no corpo humano.	<ul style="list-style-type: none"> Explica a regulación hormonal da concentración de glicosa en sangue. 	2	Proba específica	CAA CMCCT
			BXB6.22.3. Relaciona cada glándula endócrina coa hormona ou as hormonas máis importantes que segrega, e explica a súa función de control.	<ul style="list-style-type: none"> Relaciona cada glándula endócrina coa hormona máis importantes que segrega, e explica a súa función. 	2	Proba específica	CMCCT
i j	B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas nervioso e endócrino. Homeostase.	B6.23. Coñecer e identificar as hormonas e as estruturas que as producen nos principais grupos de invertebrados.	BXB6.23.1. Relaciona as principais hormonas dos invertebrados coa súa función de control.	<ul style="list-style-type: none"> Relaciona as hormonas da muda en invertebrados coa súa función de control. 	2	Proba específica	CAA
			BXB6.23.2. Identifica o concepto de homeostase e a súa relación co sistema nervioso e endócrino.	<ul style="list-style-type: none"> Define homeostase. 	2	Proba específica	CMCCT
e	B6.7. Reprodución nos animais. Tipos de reprodución. Vantaxes e inconvenientes.	B6.24. Definir o concepto de reprodución e diferenciar entre reprodución sexual e asexual. Tipos. Vantaxes e inconvenientes.	BXB6.24.1. Describe as diferenzas entre reprodución asexual e sexual, e argumenta as vantaxes e os inconvenientes de cada unha.	<ul style="list-style-type: none"> Cita dúas vantaxes e dous inconvenientes da reprodución asexual e sexual 	3	Proba específica	CCL CMCCT
			BXB6.24.2. Identifica tipos de reprodución asexual en organismos unicelulares e pluricelulares.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica tres tipos de reprodución asexual 	3	Proba específica	CMCCT
			BXB6.24.3. Distingue os tipos de	<ul style="list-style-type: none"> Define reprodución sexual 	3	Proba específica	CAA

Bioloxía e Xeoloxía 1 ° de Bacharelato.							
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Ava.	Procedemento avaliación	Competencias clave
			reproducción sexual.				
e	B6.8. Gametoxénese.	B6.25. Describir os procesos da gametoxénese.	BXB6.25.1. Distingue e compara o proceso de espermatoxénese e ovoxénese.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica, observando representacións esquemáticas, os procesos de espermatoxénese e ovoxénese 	3	Proba específica	CAA
l	B6.9. Fecundación e desenvolvemento embrionario.	B6.26. Coñecer e relacionar os tipos de fecundación en animais e as súas etapas.	BXB6.26.1. Diferencia os tipos de fecundación en animais e as súas etapas.	<ul style="list-style-type: none"> Diferencia entre fecundación externa e interna. 	3	Proba específica	CMCCT
e	B6.9. Fecundación e desenvolvemento embrionario.	B6.27. Describir as fases do desenvolvemento embrionario.	BXB6.27.1. Identifica as fases do desenvolvemento embrionario e os acontecementos característicos de cada unha.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica, observando representacións esquemáticas, as fases do desenvolvemento embrionario. 	3	Proba específica	CAA CMCCT
			BXB6.27.2. Relaciona os tipos de ovo cos procesos de segmentación e gastrulación durante o desenvolvemento embrionario.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica, observando representacións esquemáticas, os procesos de segmentación e gastrulación durante o desenvolvemento embrionario 	3	Proba específica	CMCCT
d	B6.10. Ciclos biolóxicos máis característicos dos animais.	B6.28. Analizar os ciclos biolóxicos dos animais.	BXB6.28.1. Identifica as fases dos ciclos biolóxicos dos animais.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica as fases dos ciclos biolóxicos dos animais. 	3	Proba específica	CAA
l j	B6.11. Adaptacións dos animais ao medio.	B6.29. Recoñecer e relacionar as adaptacións máis características dos animais aos medios en que habitan.	BXB6.29.1. Identifica as adaptacións animais aos medios aéreos.	<ul style="list-style-type: none"> Cita tres adaptacións dos animais aos medios aéreos. 	3	Proba específica	CAA
			BXB6.29.2. Identifica as adaptacións animais aos medios acuáticos.	<ul style="list-style-type: none"> Cita tres adaptacións dos animais aos medios acuáticos. 	3	Proba específica	CAA
			BXB6.29.3. Identifica as adaptacións animais aos medios terrestres.	<ul style="list-style-type: none"> Cita tres adaptacións dos animais aos medios terrestres. 	3	Proba específica	CAA
m g	B6.12. Aplicacións e experiencias prácticas de anatomía e fisioloxía animal.	B6.30. Realizar experiencias de fisioloxía e anatomía animal.	BXB6.30.1. Describe e realiza experiencias de fisioloxía e anatomía animal.	<ul style="list-style-type: none"> Describe e realiza experiencias de fisioloxía e anatomía animal. 	3	Observación Análise das producións do alumnado	CSIEE
Bloque 7. Estrutura e composición da Terra							
i	B7.1. Análise e	B7.1. Interpretar os métodos de	BXB7.1.1. Caracteriza os métodos de	<ul style="list-style-type: none"> Cita os métodos de estudo da Terra. 	3	Proba específica	CMCCT

Bioloxía e Xeoloxía 1 ° de Bacharelato.

Obx	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Ava.	Procedemento avaliación	Competencias clave
l	interpretación dos métodos de estudo da Terra.	estudo da Terra e identificar as súas achegas e as súas limitacións.	estudo da Terra sobre a base dos procedementos que utiliza e as súas achegas e limitacións.	<ul style="list-style-type: none"> Explica o método sísmico indicando as súas achegas. 			CD
d l	B7.2. Estrutura do interior terrestre: capas que se diferencian en función da súa composición e da súa mecánica.	B7.2. Identificar as capas que conforman o interior do planeta de acordo coa súa composición, diferencialas das que se establecen en función da súa mecánica, e marcar as discontinuidades e as zonas de transición.	BXB7.2.1. Resume a estrutura e composición do interior terrestre, distinguindo as súas capas en función da súa composición e da súa mecánica, así como as discontinuidades e as zonas de transición entre elas.	<ul style="list-style-type: none"> Indica mediante unha representación esquemática as capas do modelo xeoquímico e do modelo xeodinámico da Terra 	3	Análise das producións do alumnado	CCL
			BXB7.2.2. Sitúa en mapas e esquemas as capas da Terra, e identifica as discontinuidades que permiten diferencialas.	<ul style="list-style-type: none"> Define discontinuidade e cita o nome das principais indicando que capas separan. 	3	Proba específica	CMCCT CD
			BXB7.2.3. Analiza o modelo xeoquímico e xeodinámico da Terra e contrasta o que achega cada un deles ao coñecemento da estrutura da Terra.	<ul style="list-style-type: none"> Indica cal é a base de estudo no modelo xeoquímico. Indica cal é a base de estudo no modelo xeodinámico. 	3	Proba específica	CCEC
e	B7.3. Dinámica litosférica.	B7.3. Precisar os procesos que condicionan a estrutura actual terrestre.	BXB7.3.1. Detalla e enumera procesos que deron lugar á estrutura actual do planeta.	<ul style="list-style-type: none"> Enumera os procesos que deron lugar á estrutura actual do planeta 	3	Proba específica	CAA CCL
l	B7.4. Evolución das teorías desde a deriva continental ata a tectónica de placas.	B7.4. Comprender e diferenciar a teoría da deriva continental de Wegener e a súa relevancia para o desenvolvemento da teoría da tectónica de placas.	BXB7.4.1. Indica as achegas máis relevantes da deriva continental, para o desenvolvemento da teoría da Tectónica de placas.	<ul style="list-style-type: none"> Enumera os puntos básicos da teoría da Deriva Continental que son correctos. 	3	Proba específica	CCEC
b	B7.4. Evolución das teorías desde a deriva continental ata a tectónica de placas.	B7.5. Clasificar os bordos de placas litosféricas e sinalar os procesos que acontecen entre eles.	BXB7.5.1. Identifica os tipos de bordos de placas e explica os fenómenos asociados a eles.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica os tipos de bordos de placas e explica os fenómenos asociados a eles. 	3	Proba específica	CD CMCCT
g	B7.5. Achegas das novas tecnoloxías na investigación do noso planeta.	B7.6. Aplicar os avances das novas tecnoloxías na investigación xeolóxica.	BXB7.6.1. Distingue métodos desenvolvidos grazas ás novas tecnoloxías, asociándoos coa investigación dun fenómeno natural.	<ul style="list-style-type: none"> Explica o procedemento do uso das ondas sísmica no estudo das capas internas da Terra. 	3	Proba específica	CD CMCCT

Bioloxía e Xeoloxía 1 ° de Bacharelato.

Obx	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Ava.	Procedemento avaliación	Competencias clave
b p	B7.6. Minerais e rochas: conceptos. Clasificación xenética das rochas. B7.7. Observación de coleccións de minerais e rochas. B7.8. Recoñecemento e identificación de minerais e rochas frecuentes en Galicia.	B7.7. Seleccionar e identificar os minerais e os tipos de rochas máis frecuentes, nomeadamente os utilizados en edificios, monumentos e outras aplicacións de interese social ou industrial.	BXB7.7.1. Identifica as aplicacións de interese social ou industrial de determinados tipos de minerais e rochas.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica os minerais e as rochas máis comúns en España e indica a súa utilidade. 	3	Proba específica	CAA CSC
Bloque 8. Os procesos xeolóxicos e petroxenéticos							
i j	B8.1. Magmatismo. Clasificación das rochas magmáticas. Rochas magmáticas de interese. O magmatismo na tectónica de placas.	B8.1. Relacionar o magmatismo e a tectónica de placas.	BXB8.1.1. Explica a relación entre o magmatismo e a tectónica de placas, e coñece as estruturas resultantes da localización dos magmas en profundidade e en superficie.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica a orixe tectónica do magma. Cita as estruturas resultantes da localización dos magmas en profundidade e en superficie. 	3	Proba específica	CMCCT
l	B8.1. Magmatismo. Clasificación das rochas magmáticas. Rochas magmáticas de interese. O magmatismo na tectónica de placas.	B8.2. Categorizar os tipos de magmas sobre a base da súa composición e distinguir os factores que inflúen no magmatismo.	BXB8.2.1. Discrimina os factores que determinan os tipos de magmas, e clasifícaos atendendo a súa composición.	<ul style="list-style-type: none"> Clasifica os magmas atendendo a súa composición 	3	Proba específica	CAA
i j	B8.1. Magmatismo. Clasificación das rochas magmáticas. Rochas magmáticas de interese. O magmatismo na tectónica de placas.	B8.3. Recoñecer e relacionar a utilidade das rochas magmáticas analizando as súas características, os seus tipos e as súas utilidades.	BXB8.3.1. Diferencia os tipos de rochas magmáticas, identifica as máis frecuentes, con axuda de claves, e relaciona a súa textura co seu proceso de formación.	<ul style="list-style-type: none"> Relaciona, dos principais tipos de rochas magmáticas, a súa textura co seu proceso de formación. 	3	Proba específica	CAA
l	B8.1. Magmatismo. Clasificación das rochas magmáticas. Rochas magmáticas de interese. O magmatismo na tectónica de placas.	B8.4. Establecer as diferenzas de actividade volcánica, asociándoas ao tipo de magma.	BXB8.4.1. Relaciona os tipos de actividade volcánica coas características do magma, e diferencia os produtos emitidos nunha erupción volcánica.	<ul style="list-style-type: none"> Relaciona os tipos de magma coa actividade volcánica que provocan. 	3	Proba específica	CAA CMCCT

Bioloxía e Xeoloxía 1 ° de Bacharelato.

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Ava.	Procedemento avaliación	Competencias clave
i j	B8.2. Riscos xeolóxicos: vulcanismo e sismicidade.	B8.5. Diferenciar os riscos xeolóxicos derivados dos procesos internos. Vulcanismo e sismicidade.	BXB8.5.1. Analiza os riscos xeolóxicos derivados dos procesos internos. Vulcanismo e sismicidade.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cita catro riscos xeolóxicos relacionados co vulcanismo. ▪ Cita catro riscos xeolóxicos relacionados con un terremoto. 	3	Proba específica	CSC
e	B8.3. Metamorfismo: procesos metamórficos. Físicoquímica do metamorfismo; tipos de metamorfismo. Clasificación das rochas metamórficas. O metamorfismo na Tectónica de placas.	B8.6. Detallar o proceso de metamorfismo e relacionar os factores que lle afectan cos seus tipos.	BXB8.6.1. Clasifica o metamorfismo en función dos factores que o condicionan.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Define metamorfismo e indica os seus tipos. 	3	Proba específica	CMCCT CAA
d	B8.3. Metamorfismo: procesos metamórficos. Físicoquímica do metamorfismo; tipos de metamorfismo. Clasificación das rochas metamórficas. O metamorfismo na Tectónica de placas.	B8.7. Identificar rochas metamórficas a partir das súas características e das súas utilidades.	BXB8.7.1. Ordena e clasifica as rochas metamórficas máis frecuentes da codia terrestre, relacionando a súa textura co tipo de metamorfismo experimentado.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Pon un exemplo de cada tipo de rocha metamórfica, e relaciona a súa textura coas características do metamorfismo experimentado na súa formación.. 	3	Proba específica	CAA
i	B8.4. Procesos sedimentarios. Facies sedimentarias: identificación e interpretación. Clasificación e xénese das principais rochas sedimentarias.	B8.8. Relacionar estruturas sedimentarias e ambientes sedimentarios.	BXB8.8.1. Detalla e discrimina as fases do proceso de formación dunha rocha sedimentaria	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cita as fases do proceso de formación dunha rocha sedimentaria. 	3	Proba específica	CMCCT
e	B8.4. Procesos sedimentarios. Facies sedimentarias: identificación e interpretación. Clasificación e xénese das principais rochas sedimentarias.	B8.9. Explicar a diaxénese e as súas fases.	BXB8.9.1. Describe as fases da diaxénese.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Define diaxénese. 	3	Proba específica	CCL

Bioloxía e Xeoloxía 1 ° de Bacharelato.

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Ava.	Procedemento avaliación	Competencias clave
i j	B8.4. Procesos sedimentarios. Facies sedimentarias: identificación e interpretación. Clasificación e xénese das principais rochas sedimentarias.	B8.10. Clasificar as rochas sedimentarias aplicando como criterio as súas distintas orixes.	BXB8.10.1. Ordena e clasifica segundo a súa orixe as rochas sedimentarias máis frecuentes da codia terrestre.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cita os tipos de rochas sedimentarias, poñendo un exemplo de cada unha delas. 	3	Proba específica	CAA CSIEE
l	B8.5. A deformación en relación á tectónica de placas. Comportamento mecánico das rochas.	B8.11. Analizar os tipos de deformación que experimentan as rochas, establecendo a súa relación cos esforzos a que se ven sometidas.	BXB8.11.1. Asocia os tipos de deformación tectónica cos esforzos aos que se someten as rochas e coas propiedades destas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cita os tipos de deformacións tectónicas. 	3	Proba específica	CAA
			BXB8.11.2. Relaciona os tipos de estruturas xeolóxicas coa tectónica de placas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Relaciona os tipos de estruturas xeolóxicas coa tectónica de placas. 	3	Proba específica	CD
m g	B8.6. Tipos de deformación: dobras e fallas. B8.7. Técnicas para a identificación de distintos tipos de rochas. B8.8. Construción de modelos onde se representen os principais tipos de pregamentos e fallas.	B8.12. Representar os elementos dunha dobra e dunha falla.	BXB8.12.1. Distingue os elementos dunha dobra e clasifícaos atendendo a diferentes criterios.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Distingue os elementos dunha dobra e recoñece os tipos de dobras. 	3	Proba específica	CMCCT
			BXB8.12.2. Recoñece e clasifica os tipos de falla, identificando os elementos que a constitúen.	Distingue os elementos dunha falla e recoñece os tipos de fallas.	3	Proba específica	CAA CMCCT
Bloque 9. Historia da Terra							
m j	B9.1. Estratigrafía: concepto e obxectivos. Principios. Definición de estrato. B9.2. Interpretación e realización de mapas topográficos e cortes xeolóxicos.	B9.1. Deducir a existencia de estruturas xeolóxicas e a súa relación co relevo, a partir de mapas topográficos e cortes xeolóxicos dunha zona determinada.	BXB9.1.1. Interpreta e realiza mapas topográficos e cortes xeolóxicos sinxelos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Interpreta cortes xeolóxicos sinxelos 	3	Análise das producións do alumnado	CMCCT CAA
l	B9.3. Datacións relativas e absolutas: estudo de	B9.2. Aplicar criterios cronolóxicos para a datación relativa de	BXB9.2.1. Interpreta cortes xeolóxicos e determina a antigüidade dos seu	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica os grandes acontecementos xeolóxicos ocorridos e as oroxenias. 	3	Proba específica	CMCCT

Biología e Xeoloxía 1 ° de Bacharelato.

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Ava.	Procedemento avaliación	Competencias clave
e	cortes xeolóxicos sinxelos. Grandes divisións xeolóxicas: Táboa do tempo xeolóxico. Principais acontecementos na historia xeolóxica da Terra. Oroxenias.	formacións xeolóxicas e deformacións localizadas nun corte xeolóxico. Describir as grandes divisións do tempo en xeoloxía. Oroxenias e grandes acontecementos xeolóxicos.	estratos, as discordancias e a historia xeolóxica da rexión, e identifica os grandes acontecementos xeolóxicos ocorridos e as oroxenias.				CAA
d l p	B9.4. Extincións masivas e as súas causas naturais. B9.5. Estudo e recoñecemento de fósiles.	B9.3. Interpretar o proceso de fosilización e os cambios que se producen. Analizar as causas da extinción das especies.	BXB9.3.1. Categoriza os principais fósiles guía e valora a súa importancia para o establecemento da historia xeolóxica da Terra.	Identifica os principais fósiles guía e indica a súa importancia.	3	Proba específica	CAA CMCCT

Metodoloxía

O Bacharelato é unha etapa educativa que vai dirixida a xoves que, se ben xa adquiriron un certo grado de pensamento abstracto e formal, deben consolidalo e acadar o seu pleno desenvolvemento durante a mesma. Para iso debemos contribuír a favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación e tamén debemos subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

Para conseguir as finalidades educativas indicadas rexerémonos polos seguintes principios metodolóxicos:

- Adaptación ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa
- Rigor científico e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- Fomentar a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación ao medio, co fin de asegurar a funcionalidade das aprendizaxes en dous sentidos: o desenvolvemento de capacidades para posteriores adquisicións e a súa aplicación na vida cotiá.
- Favorecer o desenvolvemento dun modo de pensamento e de traballo baseándose no método científico.
- Fomentar a participación activa do alumnado no seu propio aprendizaxe, estimulando o traballo persoal e en equipo, mediante a proposición de numerosas actividades de diversa índole (cuestións,

montaxe e realización de experimentos, realización e interpretación de gráficos e outros medios de representación, etc).

- Potenciar as técnicas de indagación e investigación, xerais e propias da materia, que favorezan o desenvolvemento de habilidades prácticas (consulta de material bibliográfico, utilización de medios de comunicación, aprendizaxe e manexo de técnicas de laboratorio, observación sistemática, etc.).
- Por último, a mellor maneira de acercar ao alumno as novas tecnoloxías é mediante o seu uso. Deste modo, e se os recursos dispoñibles o permiten, unha das dúas sesións semanais da materia desenvolverémola nunha aula de informática do centro.

PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DAS APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS NO CURSO 19/20

Considerase que nesta materia é necesario realizar axustes curriculares e un plan específico de recuperación das competencias e aprendizaxes do curso pasado. A tal fin inclúiranse no Bloque 1. Os seres vivos composición e funcións e no Bloque 2. A organización celular os elementos curriculares de Bioloxía e xeoloxía de 4º da ESO correspondentes á Xenética molecular e á Xenética mendeliana.

ADAPTACIÓN DA METODOLOXÍA SEGUNDO A SITUACIÓN SANITARIA

- Ensinanza semipresencial: cando o proceso ensinanza-aprendizaxe teña lugar temporalmente a distancia ou por quendas, o recurso educativo que se empregará será a aula virtual do centro. Os alumnos/as realizarán as tarefas propostas nesta plataforma educativa e as probas

específicas realizaranse os días de ensino presencial ou unha vez recuperada a actividade presencial.

- Ensinanza a distancia: cando o proceso ensinanza-aprendizaxe sexa totalmente non presencial, a docencia e a comunicación cos alumnos/as terá lugar a través da aula virtual do centro. Os alumnos/as realizarán as tarefas propostas nesta plataforma educativa e quedará ao criterio do profesor/a, que imparte esta materia en cada aula, a realización de probas específicas *on line*.

Materiais e recursos didácticos

Para o desenvolvemento da programación desta materia contamos cos seguintes materiais e recursos:

- Instalacións do centro: aulas, laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía, aula de informática e biblioteca, todos eles coa súa dotación correspondente.
- Materiais impresos: libro de texto recomendado, libros de lectura e de consulta, revistas de divulgación científica, guías de campo, claves dicotómicas, fotografías, esquemas, debuxos de organismos, etc
- Materiais audiovisuais e dixitais: Ordenador, vídeos e DVDs, canón, Internet, encerado dixital.
- Aula virtual do centro.
- Material fotocopiado de diferentes textos e documentos.
- Material elaborado polo profesor: serán suministrados ao alumnado apuntes das distintas unidades didácticas de elaboración propia, con referencias a material gráfico, vídeos e animacións localizadas en internet.
- Do contorno: naturais, culturais, centros de investigación, museos científicos, etc.

Criterios de avaliación, cualificación e promoción

Os procedementos e instrumentos que se van a utilizar para valorar o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe son:

- Probas específicas. As probas serán abertas, é dicir, poderán incluír preguntas de tipo test, de desenvolvemento ou de identificar e completar esquemas, debuxos ou imaxes de estruturas biolóxicas e xeolóxicas.
- Análise da produción dos alumnos/as:
 - resolución de exercicios e problemas (lista de control),
 - traballos de investigación (rúbrica),
 - prácticas de laboratorio (lista de control)
- Observación sistemática (lista de control)

A porcentaxe correspondente a cada un dos procedementos e instrumentos anteriores será:

- Un 80% corresponderá á valoración das probas específicas. Realizaranse dúas probas abertas, como mínimo, por avaliación. A valoración será a media aritmética das probas, sempre e cando as notas non sexan inferiores a 4 puntos.
Haberá unha proba escrita de recuperación de cada avaliación. O momento da súa realización queda a criterio do profesor/a que imparte a materia.
No caso de que nunha proba se teña sospeita fundamentada ou observado unha realización fraudulenta por parte do alumno/a, será de aplicación a normativa vixente e dita proba será cualificada con cero puntos.
- Un 15% corresponderá á valoración das producións do alumnado. Se a cualificación acadada neste apartado é de cero puntos o alumno ou alumna non superará a materia e entenderase ademais que non acada as competencias clave.

- Un 5% corresponderá a observación sistemática que quedará reflectida nunha lista de control.

A cualificación final da materia en xuño calcularase coa media aritmética das avaliacións, sempre e cando as notas dos períodos non sexan inferiores a 4 puntos. Para aprobar a materia será preciso obter unha nota ≥ 5 puntos.

Na convocatoria de setembro presentárase as probas o alumnado que non acadou o grao mínimo dos estándares de aprendizaxe da materia ó remate do curso na avaliación ordinaria de xuño e que, polo tanto, acade na mesma unha cualificación de suspenso. A cualificación corresponderá ó resultado da proba escrita que se faga, que terá un carácter global (non por partes). Para aprobar a materia será preciso obter unha nota ≥ 5 puntos.

ADAPTACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN SEGUNDO A SITUACIÓN SANITARIA

- Ensinanza semipresencial: cando o proceso ensinanza-aprendizaxe teña lugar temporalmente a distancia ou por quendas, os procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e cualificación serán os que rixen a ensinanza presencial descritos previamente.
- Ensinanza a distancia: cando o proceso ensinanza-aprendizaxe teña lugar totalmente a distancia, o procedemento de avaliación será a análise das producións dos alumnos/as e os instrumentos as distintas tarefas entregadas a través da plataforma educativa correspondente, neste caso a aula virtual do centro. No caso de que se realicen probas *on line* serán valoradas como unha produción do alumnado.

A nota final que o alumno/a acade nesta materia será numérica do 1 ao 10 e corresponderá ao resultado das notas obtidas polos distintos

procedementos no período presencial e a valoración das tarefas realizadas durante o período non presencial, para o cal se aplicarán os seguintes criterios: a valoración terá en conta o resultado, a entrega en prazo, o esforzo e o progreso na aprendizaxe. Non se considerarán válidas aquelas actividades nas que se detecte a reprodución total ou parcial de calquera tipo de fonte ou das respostas doutro alumno/a.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Indicadores de logro do proceso de ensino	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
16. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao inicio do curso 2020-2021 non hai ningún alumno/a que presente a materia de Bioloxía e Xeoloxía 1º bacharelato pendente. Se ao longo do curso se incorporase algún alumno/a con esta materia pendente o departamento acorda:

1º.- Dividir a materia en dous bloques, que se corresponden cos da 1ª e 2ª avaliación que aparecen reflectidos na temporalización desta programación.

2º.- Realizar dúas probas escritas ó longo do curso, que terán lugar nos meses de xaneiro e maio segundo o calendario que estableza a Xefatura de estudos. A primeira proba avaliará o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe correspondentes á 1ª avaliación. Segunda proba: para os alumnos/as que teñan superada a primeira proba, avaliará o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe correspondentes á 2ª avaliación, mentres que para os que non a superasen avaliará o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe correspondentes á 1ª e á 2ª avaliación.

3º.- Os alumnos/as terán unha reunión de seguimento semanal co profesor responsable (Xefa de Departamento) a realizar nun dos recreos, para atendelos e resolverlles dúbidas.

4º.- Realizárase unha proba extraordinaria no mes de setembro nas que se avaliará o grao de consecución de todos os estándares de aprendizaxe correspondentes a materia da 1ª e 2ª avaliación. Estas probas será cualificada de 0 a 10, sendo necesario acadar un 5, como mínimo, para superar a materia.

ADAPTACIÓN SEGUNDO A SITUACIÓN SANITARIA

Se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais a avaliación e cualificación realizarase a partir das tarefas

propostas a través da aula virtual do centro.

Se a situación sanitaria permite a realización de algunhas das probas a avaliación e cualificación realizarase a partir das notas obtidas nas probas e das tarefas realizadas as que se lle aplicarán os seguintes criterios: a valoración terá en conta o resultado, a entrega en prazo, o esforzo e o progreso na aprendizaxe. Non se considerará válidas aquelas actividades nas que se detecte a reprodución total ou parcial de calquera tipo de fonte ou das respostas de outro alumno/a.

Avaliación inicial

Ao comezo do curso, os profesores e profesoras realizarán unha avaliación inicial do alumnado para detectar o grao de desenvolvemento alcanzado das aprendizaxes básicas e do dominio dos contidos e das competencias adquiridas.

O procedemento para realizar esta avaliación será por un lado, unha proba escrita que atenda a aspectos básicos tanto dos contidos como das competencias clave e por outro lado a observación durante os primeiros días do desenvolvemento do alumnado.

Os resultados obtidos non terán peso na cualificación do alumnado pero unha vez analizados proporcionarán a información necesaria para tomar as medidas (individuais e colectivas) de reforzo e de atención a diversidade pertinentes.

Medidas de atención á diversidade

O sistema educativo debe ofrecer a cada estudante a axuda pedagóxica que necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. Xorde diso a necesidade de atender esta diversidade. No Bacharelato a organización do ensino permite que o propio alumnado resolva esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Non obstante, é conveniente dar resposta, xa desde as mesmas materias, a un feito constatable: a diversidade dos alumnos e as alumnas, que manifestan intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe distintos. É preciso, entón, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe dos alumnos e por iso no Departamento seguiremos as medidas, descritas no DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e ademais deberemos:

- . Asegurar a necesaria conexión entre as diferentes materias, nas que se articula o Bacharelato, e as áreas da E.S.O.

- . Relacionar os contidos das diferentes materias, co fin de proporcionar unha visión globalizadora, e non parcial, da realidade.

- . Favorecer o desenvolvemento dun modo de pensamento e de traballo baseándose no método científico.

- . Desenvolver os contidos con unha linguaxe precisa e de forma progresiva, de maneira que o alumnado, ó longo da etapa, dispoña das bases necesarias para incrementar gradualmente os seus coñecementos.

- . Fomentar a participación activa do alumnado no seu propio aprendizaxe, estimulando o traballo persoal e en equipo, mediante a proposición de numerosas actividades de diversa índole (cuestións, montaxe e realización de experimentos, realización e interpretación de gráficos e outros medios de representación, etc).

- . Potenciar as técnicas de indagación e investigación, xerais e propias da materia, que favorezan o desenvolvemento de habilidades

prácticas (consulta de material bibliográfico, utilización de medios de comunicación, aprendizaje e manejo de técnicas de laboratorio, observación sistemática, etc.).

Elementos transversais

Como educadores temos a responsabilidade de formar a persoas que sexan capaces de vivir e convivir no respecto, na liberdade e nos principios democráticos. É por iso polo que os temas transversais deben formar parte de todas as actividades que supoñen o proceso do ensino e deben traballarse de forma continua. Con este fin desde este departamento fomentaremos a educación para:

- O respecto dos dereitos e liberdades fundamentais
- A liberdade persoal, a solidariedade e a tolerancia
- A igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres
- A igualdade de trato e non discriminación das persoas discapacitadas
- A prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos persoal, familiar social e especialmente escolar
- A prevención da violencia de xénero, racismo e xenofobia
- A responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal
- O respecto cara os seres vivos e o medio ambiente
- O respecto e recoñecemento da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade
- Mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas
- Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar
- Respetto polo material persoal e de uso común
- Fomentar a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico
- Avanzar na comprensión lectora, expresión escrita, comunicación audiovisual e no uso das TICs
- Reforzar a autonomía e a autoestima, a interiorización das normas básicas de saúde, hixiene, alimentación, coidado

persoal, práctica de actividade física, posibilidades e limitacións do seu propio corpo e valoración das condutas de risco para a saúde (drogas, alcohol, tabaco, sedentarismo...)

Actividades complementarias e extraescolares

Dada a situación de pandemia e coa finalidade de minimizar os riscos de contaxio só realizaremos aquelas actividades que van dirixidas a un só grupo de convivencia.

A actividade programada para 1º de bacharelato é a seguintes:

- **Vídeo conferencia coa Base Antártica Española do ET “Gabriel de Castilla” na Illa Decepción.**

Ademais desta actividade o Departamento realizará, sempre que sexa posible, aquelas que se propoñan ao longo do curso e resulten de interese didáctico.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

A avaliación do desenvolvemento da programación didáctica, do proceso de ensinanza e da práctica docente ao remate de cada trimestre e ao final do curso. Os resultados obtidos, modificacións e propostas de mellora quedarán reflectidos no libro de actas das xuntanzas do departamento e na Memoria de final de curso.